

Un ano máis en PROXECTO RÍOS:

inspección outono 2019

Un curso máis o IES de Ribadeo ten concedido participar no Proxecto Ríos co obxectivo de educar no desenvolvemento sostible e sensibilizar ó alumnado da importancia de valorar e conservar o noso medio natural.

Un pouco máis tarde cá outros cursos, debido ó mal tempo que tivemos, os alumnos de 4º ESO de Bioloxía acompañados pola profesora Susi Besteiro saíron ó Río Pequeno durante tres horas para facer a toma de datos correspondente ó outono. Foi unha saída breve na que despois de recorrer o tramo de estudio observando canto era posible, os alumnos procederon a facer as análises pertinentes co fin de cubrir a ficha na que se reflexan 3 aspectos do río: calidade hidromorfolóxica, calidade físico-química e calidade biolóxica.

Os resultados foron os seguintes:

1.- Calidade hidromorfolóxica:

Hábitat: a auga flúe, o nivel de auga é bastante alto do esperado porque as últimas semanas choveu moito e tamén quizás debido ó arrastre de materiais, a auga non está tan transparente coma outras veces. Hai frecuencia media de rápidos, o substrato son coídos e gravas con area e limos, a cobertura de vexetación acuática é escasa e o río está sombreado con claros. Isto lévanos a unha valoración final do hábitat boa, de 61 puntos, que se interpreta como un hábitat que pode soportar unha boa comunidade de macroinvertebrados.

Bosque de ribeira: Para unha primeira valoración empregamos o índice QRISI aplicándoo nas dúas marxes. Na dereita ten calidade moderada, con bastantes árbores propias de ribeira (amieiro, salgueiro, loureiro, freixo, ...) pero na esquerda ten calidade bastante menor xa que a intervención humana está máis presente (prado, casa,)

2.- **Calidade físico-química.** Medimos unha serie de parámetros e os resultados son os seguintes: Temperatura de 12º, transparencia boa na zona de mostraxe xa que se aprecian 3 sectores (pero desta vez, hai outras menos claras), nitratos entre 5-20mg/l, osíxeno disolto de 4mg/l e nivel de saturación de osíxeno do 34%.

3.- **Calidade Biolóxica:** para valorala, fixémonos sobre todo nos macroinvertebrados xa que son doados de capturar cun trueiro e son organismos bioindicadores que dan unha idea rápida da calidade do ecosistema. Tal vez, este é o outono no que menos macroinvertebrados atopamos porque debido ó mal tempo das últimas semanas, hai un forte arrastre e o ecosistema xa está máis como o atoparíamos no inverno. Identificamos: tricópteros (larvas con estuche) de tipo Limnephilidae e Sericostomidae, larvas de libélula (Libellulidae) e de cabaliño do demo (Calopterygidae), moluscos (caracolas Lymnaeidae e lapas Ancyliidae), Heterópteros como o zapateiro común (Gerridae) e tamén vermes oligoquetos, arácnidos e dípteros (Chironomidae e Simuliidae).

Segundo os macroinvertebrados atopados, tendo en conta que cada familia ten unha categoría (moi boa, boa, moderada, deficiente e mala) e que para determinar o rango de calidade debemos atopar polo menos 3 familias representadas que indiquen o mesmo, chegamos á conclusión de que o tramo de río estudado segue a presentar boa calidade tal como indican as larvas de libélulas, dos cabaliños do demo e os tricópteros.

Conclusión:

O río segue a estar en bo estado e así o reflexan os datos da área de mostraxe. A participación do alumnado foi moi positiva e parécenos importante facer este tipo de actividades porque ademais de facer unha clase distinta, demostramos que ás veces pequenos estudos son suficientes para sacar conclusións importantes e tamén serven para concienciar da importancia que ten conservar o medio natural e de que somos cada un de nós quen debe facelo.